

ANEXO 3 – DECLARACIÓN RESPONSABLE (CONTA XUSTIFICATIVA)

SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2024

D/ D^a, con DNI, na miña condición de representante legal do beneficiario..... con NIF..... e sede social/domicilio en.....localidade....., concello de

Denominación da actividade subvencionada:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

I. Que o beneficiario ao que represento obtivo as seguintes axudas (económicas e non económicas) para a mesma actuación subvencionada.

- Achegas económicas

Si ten solicitadas e/ou concedidas outras subvencións ou axudas (públicas ou privadas) de contido económico para a mesma actuación subvencionable, segundo a seguinte táboa:

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz)		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
IMPORTE TOTAL DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS			€

NON solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda (pública ou privada) de contido económico para a mesma actuación subvencionable.

- Achegas non económicas

SI ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, públicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable, tal como figura na seguinte táboa:

ENTIDADE COLABORADORA	TIPO DE AXUDA

NON ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, públicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable

II. Que a actuación subvencionada foi executada na súa totalidade cumprindo coas condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos previstos e adquiridos de acordo coas bases da convocatoria.

III. Que o beneficiario ao que represento non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública. E que se compromete a manter o cumprimento da devandita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

IV. Que o beneficiario ao que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. E que se compromete a manter o cumprimento da devandita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

V. Que **SI** **NON** presta autorización para que, se así se considera, a Deputación poida solicitar– fronte aos organismos correspondentes– os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

VI. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VII. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VIII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

IX. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

E para que conste, asino a presente declaración

O/A representante

(sinatura)